

SEGUIMOS DE NEGRO

Non é infrecuente estes días ir pola rúa e escoitar, como retallo dunha conversa, a palabra “chapapote”. Son lugueses que veñen da praia ou tiveron novas de quen estivo ou pasou por ela. Segue sendo tema noso, tema dos galegos.

Na prensa, na rede, por correo electrónico, recibimos novas de chapapote que entra na costa ó longo de todo o litoral do país. Samil, Cadro Udra, A Lanzada, a Praia do Trece, as Sisargas... Á altura de Corrubedo, un cer-queiro de Cambados descarga aparello e pesca sucios de fuel. ¿E virá todo iso da mancha do Golfo de Bis-caia? Parece que lle cadran máis á man os restos de certo barco afundido...

Loxicamente, de onde nós temos máis novas é da Mariña. Novas máis directas. Directamente sabemos, porque nolo din, que na Rapadoira de Foz -bandeira azul- estes días de atrás había piche nas penas. Sabemos tamén que pés e toallas saen da area negros. E a xente, lóxico, amósase indignada.

¿Que fan as autoridades? Cónstanos que tentan tranquilizar, e pouco máis nos consta. Vexamos, se non, información sobre o estado das praias, extraída da web da Xunta tamén un día destes:

Costa de Lugo : AREALONGA (Reinante): Sen información. FONTELA-BALEA: Sen información. DO COTO: Sen información. SAN BARTOLO: Sen información. RÍA DE FOZ: Sen información. RAPADOIRA: Sen información. LLAS: Sen información. PEIZÁS: Sen información. PAMPILLOSA: Sen información. AREALONGA (Nois): Sen información. XUNCOS: Sen información. POLAS: Sen información. AREOURA: Sen información.

Imos ter que os cidadáns informalos a eles. E tamén, honradamente, a tódolos que queiran achegarse á costa. O porqué xa o dixemos no número anterior: primeiro, hai que ter consideración coa xente; segundo, a imaxe do noso país, do noso turístico país, está en xogo.

CARA E CRUZ: MANÁ E O P.E.

Unha Comisión da Eurocámara acaba de negarse, outra vez, a abrir unha Comisión de Investigación sobre o desastre do *Prestige*. Non nos queda máis ca lamentalo, lamentar que o chamado Grupo Popular (co PP español seica en papel estrelar) e mailo Grupo Liberal non queiran investigar nada, que dean todo por aclarado ou máis ben por pasado, en tanto que os galegos seguimos trafegando co chapapote vello e mailo novo que chega, sen ver, tan sequera, que se trate de identifica-los responsables políticos de que a catástrofe aca-dase as dimensións e permanencia que vimos, vemos e aínda veremos.

Do outro lado da moeda, a solidariedade e re-coñecemento que non acaban. O grupo mexicano Maná, sempre solidario, xunto coa ONG Selva Negra, destinan á nosa plataforma unha porcentaxe das recadacións do grupo na súa xira europea.

Nos concertos galegos, Maná falou da marea negra e volveuse escoitar, como berro de orde e unión, o *iiNunca Más!!*
Por todo, gracias.

